



## ANEXO III

2020/CP/003

## CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

## AXUDA

|                                                                                                                                     |                                                     |                                                                                                |            |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Referencia: Convenio persoal I+D+i, Xunta de Galicia-Universidade da Coruña                                                         |                                                     |                                                                                                |            |
| Título: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña    |                                                     |                                                                                                |            |
| CENTRO: Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Oficina do Campus Industrial                                   |                                                     |                                                                                                |            |
| OBJECTO DO CONTRATO:                                                                                                                |                                                     |                                                                                                |            |
| Contratación dun Técnico Superior para realizar tarefas de administración e xestión (ver memoria).                                  |                                                     |                                                                                                |            |
| LUGAR E HORARIO: Campus Ferrol. Esteiro.                                                                                            |                                                     |                                                                                                |            |
| Horario: 37,5 h. Luns a xoves de 9:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h; venres de 9:00h a 14:30h.                                     |                                                     |                                                                                                |            |
| GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I                                                                   |                                                     |                                                                                                |            |
| CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC) |                                                     |                                                                                                |            |
| Investigador asociado <input type="checkbox"/>                                                                                      |                                                     | * Investigador en formación <input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento |            |
| SUG                                                                                                                                 |                                                     |                                                                                                |            |
| Técnico de apoio á investigación <input type="checkbox"/>                                                                           |                                                     | Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>                                     |            |
| Técnico administrativo <input checked="" type="checkbox"/>                                                                          |                                                     | Axudante administrativo <input type="checkbox"/>                                               |            |
| XORNADA                                                                                                                             | Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/> | Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>                                                        |            |
| DURACIÓN                                                                                                                            | 4,5 meses                                           | DATA APROX. DE INICIO                                                                          | 16/02/2020 |
| RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.709,17€                                                                                                      |                                                     |                                                                                                |            |
| PARTIDA ORZAMENTARIA: 090044A120.422D.6400000                                                                                       |                                                     |                                                                                                |            |

\* O pagamento da retribución realizarase en mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

## REQUISITOS

|                                                                                                               |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| TITULACIÓN: Licenciado/a, Graduado/a ou Enxeñeiro/a                                                           |
| EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria                                                                      |
| REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes |

## LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

|                                                                                        |
|----------------------------------------------------------------------------------------|
| LUGAR: campus.industrial@udc.es e vcfrs@udc.es                                         |
| PRAZO: 10 días dende a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC |

## ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

|                                                                                                                                                                                       |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ÓRGANO: Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Director do Campus Industrial (Ginés Nicolás Costa) – Vicexerenta do Campus de Ferrol (María Jesús Caínzos López) |
| LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios sede electrónica da UDC                                                                                                     |

Ferrol, 20 de decembro de 2019

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Araceli Torres Miño

## Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia D.N.I.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

| Código Seguro De Verificación | hkAnzU7j6TP7/yoaqEDz9g==                                                          | Estado | Asinado | Data e hora | 20/12/2019 14:38:34 |
|-------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|--------|---------|-------------|---------------------|
| Asinado Por                   | María Araceli Torres Miño - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social |        |         |             |                     |
| Observacións                  |                                                                                   | Páxina | 1/2     |             |                     |
| Url De Verificación           | https://sede.udc.gal/services/validation/hkAnzU7j6TP7/yoaqEDz9g==                 |        |         |             |                     |



**MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN****DATOS DO PROXECTO****Título:** Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades do SUG**Referencia:** Convenio persoal I+D+i, Xunta de Galicia-Universidade da Coruña**DETALLES DA CONVOCATORIA****Tarefas a realizar:** Colaborar nas tarefas relativas a xestión das tarefas e actuacións do convenio (promoción e difusión, oficina técnica) vinculados ao Campus de Especialización de Ferrol (Campus Industrial), e consistirán en:

1. Administración e xestión das tarefas e actuacións do convenio (promoción e difusión, oficina técnica).
2. Coordinación, elaboración e seguimento da xustificación das actividades do convenio (promoción e difusión, oficina técnica).
3. Apoio á elaboración e seguimento das memorias xustificativas e plans de viabilidade da nova oferta vinculada ao Campus Industrial.
4. Xestión de contidos en contornos web
5. Organización de eventos de promoción e divulgación.
6. Apoio á xestión de grupos ou unidades supra-grupo.

**Xustificación da duración do contrato:** A duración para estas tarefas estímase en 4,5 meses cunha dedicación a tempo completo.**Requisitos dos candidatos:**

- Licenciado/a, graduado/a ou enxeñeiro/a
- Experiencia laboral en xestión e xustificación de proxectos de investigación ou convenios de I+D+i cunha duración mínima acreditable (contratos, vida laboral, informes, cartas de xustificación...) de un ano no sector público ou de tres anos no sector privado

**Criterios e valoración de méritos:**

- Expediente académico da titulación: máximo de 2 puntos.
- Expediente académico de Mestrado ou equivalente en Administración e Xestión de Empresas ou similar: máximo de 2 puntos para Mestrados e máximo de 1.25 puntos para Posgraos.
- Expediente académico doutros Mestrados e Posgraos: máximo de 0.5 puntos.  
A puntuación dos expedientes académicos obtense multiplicando o número total das cualificacións de 10 e 9 por 3 puntos, o de 8 e 7 por 2 puntos e o de 6 e 5 por 1 punto. Os puntos obtidos divídanse polo número de materias.
- Experiencia laboral acreditable en xestión e xustificación de proxectos de investigación ou convenios de I+D+i no sector público: máximo de 4 puntos (0.05 puntos/mes).
- Experiencia laboral acreditable en xestión e xustificación de proxectos de investigación ou convenios de I+D+i no sector privado: máximo de 2 puntos (0.05 puntos/mes).
- Experiencia e xestión de contidos en contornos web: máximo de 2 puntos (0.05 puntos/mes)
- Outros méritos non considerados nos puntos anteriores. Valorase a formación ou experiencia adicional (prácticas, xornadas, etc.): máximo de 1.5 puntos (0.01 puntos/mérito, 0.01 puntos/mes, 0.01 puntos/horas cando corresponda en cada caso).
- Entrevista persoal, no caso de considerarse necesario. Valórase a adecuación das capacidades do candidato á praza: máximo de 3 puntos.

Tendo en conta o cumprimento dos requisitos e á valoración dos méritos establecerase unha orde priorizada dos/as candidatos/as. Serán adxudicatarios os/as candidatos/as de maior puntuación. Co resto dos/as candidatos/as, e respectando esa orde priorizada polos méritos, confeccionarase, exclusivamente para estas prazas, unha lista de agarda que se empregará para a contratación no caso de renuncia ou cese dunha candidato/a seleccionado/a.

**Os documentos****Documentación que debe presentar o solicitante:**

- Instancia de solicitude indicando a referencia desta convocatoria que figura na publicación da web da UDC
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do título e do expediente académico
- Currículum vitae
- Xustificantes de méritos incluídos no CV
- Memoria xustificativa da experiencia con as tarefas a desenvolver (opcional)

**Lugar de presentación:** Por correo electrónico a campus.industrial@udc.es e vcfrs@udc.es**Prazo de presentación:** 10 días desde a publicación na sede electrónica da UDC**Ferrol, 20 de decembro de 2019****Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social****Araceli Torres Miño**

| Código Seguro De Verificación | hkAnzU7j6TP7/yoaqEDz9g==                                                          | Estado | Asinado | Data e hora | 20/12/2019 14:38:34 |
|-------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|--------|---------|-------------|---------------------|
| Asinado Por                   | María Araceli Torres Miño - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social |        |         |             |                     |
| Observacións                  |                                                                                   | Páxina | 2/2     |             |                     |
| Url De Verificación           | https://sede.udc.gal/services/validation/hkAnzU7j6TP7/yoaqEDz9g==                 |        |         |             |                     |

